

■ MAIO-XUÑO 2023

Revista Galega de Información Literaria - Ano 21 N.º 122


PVP 3 €



**Unha festa de novidades
para celebrar as Letras Galegas**

Biblos

CLUBE DE LECTORES



Dez anos para as Letras

A revista Biblos adoita dedicar a súa portada á persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas no número correspondente ao segundo bimestre do ano. Facémolo así porque é o momento en que xa están publicadas a maioría das novas edicións das creacións da figura que celebramos ou as que xorden novas sobre a súa biografía e obra. Nesta ocasión, o feito de coincidir coa celebración dos vinte anos de vida de Biblos Clube de Lectores fixo que adiásemos o noso persoal recoñecemento a Francisco Fernández del Riego. Pero sabemos que o entendería. Sabémolo porque todos neste clube temos escoitado as súas palabras, visto a súa imaxe nos medios ou nalgún acto, ou mesmo coincidido con el en persoa. É unha das vantaxes que ofrece o feito de que abonden dez anos transcorridos despois de que fine unha persoa para que Galicia estea en condicións de recoñecer a singularidade do seu labor a prol das nosas letras.

Eses dez anos poñen diante nosa a posibilidade de deixar para as vindeiras xeracións un tesouro de perspectivas sobre a vida e obra do autor que achegan os coetáneos que puideron convivir con el ou traballar a carón del. Unha riqueza que doutro xeito se perdería en moitos casos e que así complementa as investigacións dos especialistas sobre a súa figura no marco da época que lle tocou vivir.

En casos coma este, cando sumamos á década que empregamos de reflexión a consistencia dunha vida tan longa coma a de don Paco, semella que non hai ningunha dúbida sobre a pertinencia do proceso de selección. O problema pode darse cando eses só dez anos fan posible que a contemporaneidade prolongue o mal sempre presente do colegueo ou mesmo dos intereses das diversas capelas. Con todo, mesmo neses casos podemos estar seguros de que a historia corraxirá os fallos colocando no altar da memoria, máis ou menos eterna, a quen máis o merece. Del Riego, con total seguridade.

Carmela González

Directora



Biblos
CLUBE DE LECTORES

Biblos Clube de Lectores, S. L.

Quintá N.º 8 - Mandaio
15391 Cesuras - A Coruña

Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclube.com

email: subscritores@biblosclube.com

Depósito Legal: C 285-03
ISSN: 1697-7440

A Portada

Francisco Fernández del Riego visto por Xulio Gil. Retratos de autor do Portal da Lingua Galega da Secretaría Xeral de Política Lingüística, Xunta de Galicia



Conversas con fondo de cor con Edurne Portela, Xelís de Toro e Xabier López López

Edurne Portela, Xelís de Toro e Xabier López López estiveron na librería Biblos de Betanzos neste mes de abril que vén de rematar. Escoitar a Edurne Portela é aínda máis embriagador que ler o que escribe. Medio cento de persoas gozamos co magnetismo desta escritora vasca que compartiu con nós boa parte do proceso no que ela se achegou á figura de María Josefa Sansberro ata convertela na protagonista de *Maddi y las fronteras*, novela editada por Galaxia Gutenberg. Soubemos das dificultades para elixir unha voz narradora, do reto ético que supuxo para a escritora abordar a subxectividade da personaxe de ficción a partir de documentación sobre a muller real e tamén do tormentoso proceso de achegarse á vida de alguén que padeceu os horrores do nazismo. Edurne chegou ata Biblos da man do dinamizador cultural Javier Pintor e


do profesor Francisco Rodríguez Coloma, sempre sabio á hora de zugar o mellor e máis valioso de cada un dos escritores cos que conversa.

Xelís de Toro chegou disposto a propiciar un debate sobre temas que aparecen en *Etceteramente*, obra publicada por Xerais. Conversou co editor de Edicións Positivas, Paco Macías, sobre o mundo do libro, o proceso da escrita, edición e publicación. O tema do mundo editorial aparece en *Etceteramente* da man de dous escritores/personaxes (Alfa Beto e Xelís de Toro) que están no proceso de escribir e publicar senllos libros en dúas editoriais.

O escritor Xabier López López presentou *Cocaína*, obra que edita Menino Morreu. É unha novela breve (80 páxinas) froito dun exercicio de contención narrativa con raíces nunha novela anterior 900, destoutro núme-

ro de páxinas. A trama desenvólvese nos anos corenta na Asturias da posguerra e fala sobre fútbol sen ser un texto de fútbol, nas antípodas desta actividade vista como espectáculo. "Interésame o deporte na medida na que hai unha vertente humana de superación", salientou o autor. "O deporte é unha metáfora da vida e da morte -dixo-, un remedio contra a nosa conciencia da inmortalidade". Dende o 12 de abril e ata o 12 de maio na librería Biblos de Betanzos pódese visitar a exposición de serigrafías de Isabel Durá (Valencia, 1997) e Jorge Labandeira (Madrid, 1989) que leva o suxectivo título de "Mira mamá, sin manos". Os artistas presentan un conxunto de obras nas que prima a cor e o deleite sobre a técnica. Ambos teñen en común seren alumnos do Máster de Obra Gráfica da Fundación CIEC de Betanzos.

Inma López Silva



Escola de mulleres


Unha novela sobre unha fuxida. A súa protagonista foxe da dor, da perda, dunha realidade incerta, da gaiola de ouro que os homes queren construír para pechala e admirala, da opresiva camisa de forza das convencións sociais. E para acadalo emprega a ironía e o seu propio corpo como armas, como camiño cara a unha redención que sospeita imposible. E así a súa pel e a súa mente convértese nun lenzo que, devagar, vaixe esgazando polas unllas dos demais, emerxendo baixo o estigma da loucura ou, quizais, da clarividencia. Unha novela que cuestiona sobre os límites. Da liberdade ou da moral. E, de fondo, como paisaxe idílica ou inferno, as voces doutras mulleres, María, Zelda e Simone, que, entre disputas e risas, a comprenden, a xulgan e a compadecen, mentres unha nena constrúe sobre o chan castelos con bloques de cores.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 462 páxinas
ISBN: 978-84-1176-011-9
20,80 €

Xabier Quiroga Coa man esquerda

En Lisboa, fronte á foz do Texo, un escritor retirado recibe un sobre que contén unha nota e un cartafol cheo de follas atropeladamente manuscritas. Nelas, un vello moribundo que moraba nunha residencia de anciáns asolada pola pandemia conta os desacougantes sucesos que viviu sendo neno na súa casa afastada da aldea e que o marcaron para sempre. Esa especie de confesión ou legado do vello servirá para liberarse dun pesado lastre e descubrir un segredo que o escritor non sabía de si mesmo. Empregando un estilo moi libre e sedutor, Xabier Quiroga deixa pouco espazo para tomar alento da man dun narrador sometido aos ditados da memoria.


Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 200 páxinas
ISBN: 978-84-1110-311-4
17,05 €



Fina Casalderrey A muller xabaril

Ninguén sabía os motivos polos que unha moza de refinado encanto e elevada altura, tanto física como intelectual, se fora convertendo nun repulso esperpento, nun animal. A Muller Xabaril percorría o mundo cun saco ao lombo e nel, ademais de quincallas do seu cotián vagabundo, levaba libros. Deambulaba acompañada do Luís, o seu can e fiel escudeiro. O relato de Ramiro, envolto na voz de Lennon, vai reconstruíndo a versión máis dramática desa biografía infausta que o impresiona ata lle esfolar a pel de dentro. Acaba de descubrir os motivos que hipoteticamente a puideron abocar á sorprendente metamorfose: o verdadeiro segredo do Xabaril.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 320 páxinas
ISBN: 978-84-1110-293-3
18 €



Títulos anteriores

Rosas, corvos e cancións

(2000)
Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 180 páxinas
ISBN: 978-84-8288-381-6
12,40 €

Concubinas

(2002)
Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 264 páxinas
ISBN: 978-84-8302-883-4
19,90 €

Neve en abril

(2005)
Galaxia Rústica
14 x 21 cm 108 páxinas
ISBN: 978-84-8288-773-9
8,65 €

À venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Non quero ser Doris Day

(2006)
Biblos Cartonado
16,5 x 22 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-935062-3-0
12 €

New York, New York

(2007)
Galaxia Rústica
13,7 x 21 cm 196 páxinas
ISBN: 978-84-8288-815-6
15,63 €

Memoria de cidades sen luz

(2009)
Galaxia Rústica
14 x 21 cm 340 páxinas
ISBN: 978-84-9865-136-2
20,90 €

Tinta

(2012)
Galaxia Rústica
13,5 x 20,1 cm 160 páxinas
ISBN: 978-84-9865-442-4
15,63 €

Maternosofía

(2014)
Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 172 páxinas
ISBN: 978-84-9865-517-9
16,15 €

Aqueles días en que eramos malos

(2016)
Galaxia Rústica
13 x 21 cm 424 páxinas
ISBN: 978-84-9865-720-3
23,89 €

Chámame señora pero trátame coma a un señor

(2018)
Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 188 páxinas
ISBN: 978-84-9151-258-5
17,52 €

O libro da filla

(2020)
Galaxia Rústica
14 x 21 cm 482 páxinas
ISBN: 978-84-9151-438-1
22,08 €


Quen non ten un avó fascista

(2022)
Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 254 páxinas
ISBN: 978-84-9151-941-6
21,56 €

Arantza Portabales O home que matou a Antía Morgade


Seis amigos reencóntranse despois de vinte anos. Baixo o estrondo dos brindes e dos fogos artificiais, un disparo remata coa vida dun deles. Unha vez máis o inspector Santiago Abad e a subinspectora Ana Barroso terán que enfrontarse a este crime nunha apaixonante investigación, na que todo apunta a que é, no pasado común deses comensais, onde se atopa a chave da súa resolución. Un tempo adolescente en que eses seis amigos compartían un piso de menores tutelado e onde aconteceu unha traxedia que marcou a todos para sempre: a morte da súa compañeira Antía Morgade.

Galaxia Rústica
13,5 x 25 cm 454 páxinas
ISBN: 978-84-9151-967-6
18,90 €



Manuel Veiga Taboada


Manuel Veiga Taboada (Monforte de Lemos, 1960) é doutor en Ciencias Políticas e Socioloxía e licenciado en Ciencias da Información. En 1983 entrou a formar parte da redacción do semanario *A Nosa Terra*, periódico que dirixiu entre 2007 e 2010. No ano 2004 gañou o premio Xerais coa novela *O exiliado e a primavera* e, en 2006, o Manuel García Barros con *Lois e Helena buscándose un día de tormenta* (Galaxia). Colabora en *Nós Diario* e no blog "Biosbardia".



Perder as bestas

A acción transcorre nunha comarca preto da fronteira. As partidas de guerrilleiros comezan a reagruparse coa esperanza de que o final do nazismo sexa tamén o final da ditadura. O goberno organiza entón as chamadas contrapartidas, formadas por gardas e exmilitares, que actúan baixo falsa bandeira coa finalidade de sementar o terror e desprestixiar os seus adversarios. Na trama acompañamos a unha destas contrapartidas, co Capitán, o Sentado, o da cicatriz e o mozo, nunha razzia tensa e violenta, a través dunha terra feraz e húmida, na que o xuíz Núñez se presenta como o novo e caprichoso patrón.


Xerais Rústica
15,50 x 23 cm 128 páxinas
ISBN: 978-84-1110-338-1
16,10 €



Carlos Meixide Viva a comuna!

Crónica novelada dos sucesos que rodearon a proclamación e a derrota da Comuna de París na primavera de 1871. É o relato da toma do poder por parte das clases populares dunha cidade que naquela altura era o epicentro da modernidade. Novela de longo alento, ambiciosa e emocionante, nas súas páxinas cobran vida personaxes irrepitíbles como Louise Michel, Eugène Varlin, Jules Vallès, Henri Rochefort, Nathalie Lemel ou Gustave Courbet, protagonistas dun tempo de esperanza que recorda na súa orixe e no seu destino tempos históricos máis recentes.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 600 páxinas
ISBN: 978-84-1110-292-6
23,27 €




Xacobe Medina Lembranzas dun mestre subversivo

Natalia descobre o pasado familiar cando seu pai, Manuel, cae enfermo e súa nai, María, cóntalle en longas conversas as circunstancias que ambos os dous viviron desde mozos. Manuel é un profesor de filosofía rebelde, que afronta a súa enfermidade con optimismo e está marcado por un pasado antifranquista que o levou a procurar seguridade fóra de España. O fío argumental principal vai dando pé a diversas historias inconformistas que relatan un tempo que marcou a ferro moitas vidas.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 200 páxinas
ISBN: 978-84-1110-304-6
14,50 €

Montse Ferreira Fervenza


Montse Ferreira Fervenza nace na aldea de Quintela (Redondela). Enfermeira do Sergas, é unha apaixonada das artes escénicas formada en interpretación, dramaturxia e escrita creativa. Coa compañía de teatro Arte Livre goza nos escenarios de Londres, Illa de Madeira, Algarve, Santiago de Compostela, Cangas e Vigo, entre outros. Participou no proceso de escrita do libro *Tecido de voces* (Toxosoutos) cos relatos "A serra" e "O ouvido do lobo".



O ano das mazás

É o tempo da posguerra, tempo de miseria e desacougo. Os rapaces rabuñaban no lixo das casas ricas para apanhar as mondas das patacas, que logo fervían e comían con ansia. Agora, nin iso, xa non hai mondas porque os ricos non as tiran, gárdanas para cear cun chisco de aceite. Non é así en Vilaveiga, onde teñen mazás a rego cheo para dar alivio a bandullos de xente e animais. Chegado un momento, na aldea comezan a suceder unha serie de acontecementos que fan esperar até a mesma terra: Henrique "o do estraperlo" trae consigo unha escolma de libros, unha familia de herexes protestantes alugan a casa grande, e Adelaida, unha nenfina con anemia, aprende a ler.

Xerais Rústica
15,50 x 23 cm 320 páxinas
ISBN: 978-84-1110-331-2
18,52 €




Xosé Manuel del Caño (Ed.) Miño

Antoloxía do relato galego actual

Antoloxía que xorde dunha iniciativa da asociación Amigos do Libro Galego/Artes e Letras coordinada polo xornalista Xosé Manuel del Caño. Recolle 38 relatos que conforman unha visión xeral do estado da narrativa galega actual. Como escribe Rexina Vega no limiar, os textos achegados polas autoras e autores amosan "a enorme diversidade e calidade que caracteriza hoxe a narrativa do noso país".

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 568 páxinas
ISBN: 978-84-1110-310-7
23,70 €




Lois Diéguez As voces amadas

O autor pregunta se "poderías imaxinar, espartando unha mañá, mudado nunha cascada enorme ao xeito do mestre Kafka. Ou, se non, entrando no tempo noso, mañá mesmo, trocado nun xigantesco e escuro móbil apertado a ti na cama estreita, afogándote mesmo, asfixiándote, sen que te puideses librar del, con milleiros de voces asaltándote, anguriándote, nunca facéndote feliz". E de seguido recomenda: "Ou non, non imaxines, emite tan só unha palabra, varias, unha frase: eu non son así, eu non son un móbil nin máquina ningunha".

Galaxia Rústica
13,5 x 25 cm 464 páxinas
ISBN: 978-84-9151-972-0
19 €


Xerais relanza a súa colección Peto



Carlos G. Reigosa Crime en Compostela

Gañadora da primeira edición do Premio Xerais de Novela, *Crime en Compostela* está considerada un fito da literatura galega por ser a obra que inaugura o xénero de novela policial e converterse nun indiscutido best-seller da narrativa galega dos últimos corenta anos. Protagonizada polo aventureiro Nivardo Castro e o xornalista Carlos Conde, presenta as pescudas arredor dun escuro asasinato en Santiago, cidade que é retratada aquí coas súas grandezas e miserias. Co tempo, o xénero policial converterase, en palabras do crítico Manuel Rodríguez Alonso, "nun dos máis tocados pola novela galega actual, e o seu detective Nivardo Castro é xa un personaxe clásico".


Xerais Rústica
13 x 20 cm 272 páxinas
ISBN: 978-84-1110-326-8
13,95 €



Suso de Toro Ambulancia

A través dun argumento sinxelo e concentrado, *Ambulancia* relata a historia fatal de Petete e Pequeno, dous delinquentes que se atopan en situación precaria e que atracan unha gasolinera ao día seguinte de abandonaren o cárcere de Monterroso. Unha novela entretida e desgarradora, na que os personaxes e as súas paixóns se moven pola cidade de Compostela coma se fose un ferreiro de violencia e dureza, de vida e morte. O texto rende homenaxe á novela negra americana, con personaxes sinistros, sempre á beira do perigo. Unha novela trepidante, de violencia estrutural. En palabras de Diego Ameixeiras "Ambulancia" continúa sendo un magnífico relato criminal de primeira orde. Entretemento puro."

Xerais Rústica
13 x 20 cm 120 páxinas
ISBN: 978-84-1110-325-1
13,95 €



Kressmann Taylor Enderezo descoñecido

Conta a sorprendente historia de dous amigos e socios propietarios dunha galería de arte en California: Max Eisenstein, xudeu estadounidense, e Martin Schulse, alemán, que retorna ao seu país en 1932, coincidindo co ascenso do partido nazi. Obra breve e intensa. Aclamada pola crítica de todo o mundo, foi considerada polo "The New York Times Book Review" como "a denuncia máis efectiva que se pode facer contra o nazismo en literatura de ficción. É a perfección mesma".

Xerais Rústica
14 x 21 cm 64 páxinas
ISBN: 978-84-1110-336-7
13,95 €



VV AA Tes cinco minutos #3

Terceiro volume que recolle os textos de alumnas e alumnos que participaron na Escola de Letras que botou andar en 2020 da man da Deputación de Pontevedra e a editorial Galaxia. Cinco minutos era o tempo que tiñan para desenvolver o seu traballo nas clases nesta iniciativa anovadora, que foi presentada na feira do libro de Frankfurt. Agora, para poñerlle o ramo ao curso, neste libro ofrecen os seus mellores traballos, xa liberados da tiranía do reloxo.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 122 páxinas
ISBN: 978-84-1176-013-3
15,20 €


Títulos anteriores:

Tes cinco minutos #1

150 páxinas
ISBN: 978-84-9151-607-1
15,50 €

Tes cinco minutos #2


92 páxinas
ISBN: 978-84-9151-839-6
13,25 €



César Quequeliños A gran novela galega

O home máis rico de Galicia descobre durante o confinamento a súa paixón pola literatura galega e decide convocar un premio de novela dotado cun millón de euros. Aspirantes de todo tipo, críticos e axentes literarios, xornalistas e políticos farán o posible por que gañe quen mellor represente os seus intereses. A primeira obra de ficción publicada do xornalista, editor e crítico literario César Quequeliños ofrece un retrato mordaz do panorama literario galego actual.


Morgante Rústica
13,5 x 21,5 cm 256 páxinas
ISBN: 978-84-19040-07-7
19 €



Marisa Castro A saga das curandeiras

Unha viaxe a través da vida de Rosalía Carcedo (1911-1972) dende a Galicia da que era natural, pasando polo Madrid da República e da Guerra Civil, ata a aldea de orixe á que regresou na Ditadura e na que continuou exercendo a súa profesión de curandeira a pesar da incompreensión que a rodeaba. A propia autora pertencente a unha saga de curandeiras. Con esta biografía ficticia Marisa Castro tenta facer unha achega ao uso das herbas e dos cogomelos naquel mundo críptico.

Hércules Rústica
16,5 x 24 cm 168 páxinas
ISBN: 978-84-18966-71-2
19,95 €



Celestino Pérez Recarey Nomes propios

Relatos breves nos que o protagonismo recae nas mulleres, nos homes e lugares onde se desenvolven as historias. Nalgúns nánrranse momentos relacionados co amor, pero tamén vivencias traumáticas como a enfermidade ou o fracaso profesional. Noutros, prodúcese un achegamento a lendas e feitos fantásticos. Igualmente se expoñen temas como o alcoholismo, a infidelidade ou a morte.

Toxosoutos Rústica
13 x 20 cm 92 páxinas
ISBN: 978-84-125915-7-6
12 €


Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Xulio Pardo de Neyra A monxa e o grumete

Aló onde os meandros do Miranda habitan nas branquias das troitas, Pedro e María aprenderon a construír á vez os seus máis lícitos devos, malia que os lóstregos da inmundicia tratasen de lles esgazar os lamentos. É esta a pintura dun relato rescatado da memoria familiar. Unha crónica da Galiza rural dos comezos da Idade Moderna, un apañar polas estradas o anuncio da santidad duns homes, e dunha muller, que só trataron de se explicaren a través da luz do seu instinto.

Galaxia Rústica
13,5 x 21cm 222 páxinas
ISBN: 978-84-9151-974-4
19 €



Rubén Suárez Carballo Los ríos del cielo

Libro de viaxes á Illa portuguesa de Madeira onde se relata a aventura dun grupo de barranquistas. Cun estilo ameno, mesmo se trasladan os diálogos entre o grupo de amigos e unha morea de anécdotas. En castelán.


Medulia Rústica
14 x 21 cm 192 páxinas
ISBN: 978-84-19438-36-2
17 €



Mercedes Corbillón A beleza debe morrer

Obra que mostra con crueza e clarividencia as costuras do namoro, as súas contradicións e a devastación final, os cascallos do desamor sobre os que unha muller ten que erguer unha nova vida, da que ser a única soberana. Unha muller madura percorre Venecia na compañía da súa nai para reconstruírse apañando os mil anacos do espello esnaquizado da que foi a súa relación cun home casado. Primeira novela da autora, unha das fundadoras das librerías Cronopios.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 290 páxinas
ISBN: 978-84-1176-018-8
17,95 €



Alberto Mancebo O que me quedaba por dicirche

A vida de Xoán transcorre nunha especie de entresón que o obriga a manter unha relación dificultosa e estraña co mundo que o rodea. A súa inusitada beleza, na que todos reparan, e as experiencias que percibe cando adormece, convérteno nun mozo tan peculiar coma a súa familia. Alberto Mancebo tece con axilidade e sutileza unha historia familiar, íntima e sentimental baseada nas intensas emocións dun estraño protagonista co que calquera persoa se podería identificar.

Xerais Rústica
15,5 x 23
ISBN: 978-84-1110-362-6
17,05 €



Nee Barros (Coord.) Alguén nos lembrará Antoloxía de relatos LGBTIQA+

Unha casa de bonecas, un campamento, cartas, amigos, tritóns, resacas, amor, odio, coidados, memoria... Moitas son as historias que durante séculos ficaron exiliadas entre as liñas, que non foron permitidas ou que se ignoraron á mantenta. Hoxe as marxes alzan a voz para enunciar con orgullo a narrativa dunha realidade diversa. Este libro é unha antoloxía con quince perspectivas novas e diferentes arredor da disidencia de sexo e xénero. Quince voces de ata 30 anos que escriben co convencemento de que, como dixo Safo, "Alguén nos lembrará".


Xerais Rústica
14 x 21,5 cm 168 páxinas
ISBN: 978-84-1110-358-9
14,50 €



Alberto G. Aneiros Ninguén e compañía

Ninguén e compañía principia cun conto, a modo de prólogo, que satiriza as xerarquías literarias que priman os produtos novelísticos sobre os textos de narrativa breve ou minimalista. O libro consta de dúas partes: o relato inicial da primeira inclúe tres contos dun mesmo narrador que mostra algúns personaxes peculiares do mundo do espectáculo. O resto son historias ou minitextos de protagonistas singulares moi variados. A segunda parte contén microcontos sobre parellas complicadas que moitas veces acaban en desencontros, ben cómicos ou ben dramáticos.

Toxosouts Rústica
13 x 21 cm 114 páxinas
ISBN: 978-84-126701-7-2
13 €



Manuel Vázquez O pracer da chuvia

Á parte de ser unha defensa e reivindicación do rural é tamén unha novela de carácter urbano, representado fundamentalmente por cinco cidades: Lugo, A Coruña, Lisboa, París e Madrid.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 210 páxinas
ISBN: 978-84-19438-42-3
17 €



Fabio Rivas A pintura debida

Un grupo de nenos que queren coñecer como berran os ourizos, un rapaz que mira o seu reflexo no gume dun coitelo antes de matar o seu primeiro porco, unha nena cega que é violada e quere desfacerse dese alcume ou un pintor que se arrepiante dos asasinatos cometidos para inspirar a súa obra. Estas son algunhas das historias que compoñen *A pintura debida*, un libro de relatos enfiados entre si, onde a miseria, a violencia ou a inxenuidade infantil focalizan a trama de cada narración.

Xerais Rústica
14 x 21,5 cm 160 páxinas
ISBN: 978-84-1110-306-0
13,94 €



Óscar M. Guzmán Os segredos de Teresa

Nun piso da Cidade Vella de Ourense unha anciá chamada Teresa mantén un enigmático diálogo cun home de mediana idade. Os sorprendentes sucesos posteriores a esta conversa poñen en marcha o equipo da Policía Nacional, comandado polo inspector Sala, para intentar resolver o enredo. Unha viaxe ao pasado levará a tres policías, un novelista, un forense e unha xuíza a intentar desvelar a vida desta misteriosa muller.


Toxosouts Rústica
15 x 21 cm 235 páxinas
ISBN: 978-84-123922-6-5
15,20 €



Xosé Alvite Lema Dende os ollos da conciencia

Dende os ollos da conciencia é un relato de feitos reais, contado en prosa e verso, onde se descubren as ansias, os medos e as preocupacións do protagonista. Quen le coñecerá as aprendizaxes deste, as conclusións, e, como non, intuirá as consecuencias.


Toxosouts Rústica
13 x 21 cm 170 páxinas
ISBN: 978-84-125393-5-6
15,20 €



Stella Estrada Mosquera Irimó

Un fio narrativo tecido arredor de augas tranquilas e dunha superficie que agocha existenciais terribles. En castelán.


Medulia Rústica
14 x 21 cm 168 páxinas
ISBN: 978-84-19438-39-3
17 €



Victoria Benedictsson **Cartos**

Cartos (1885) ten moito de novela autobiográfica, e fai que Benedictsson brille con luz propia dentro da corrente feminista sueca do século XIX. Pon o foco na institución do matrimonio, na eventual separación e, dun modo máis xeral, nas limitacións impostas ás mulleres, para o caso as burguesas. Selma Berg, de dezaseis anos, soña con formarse como artista e poder facer da pintura a súa profesión, até que o seu tío, quen a tutela, lle traslada a tentadora proposta de matrimonio realizada por un vello terratenente. En tradución do sueco de Marta Dahlgren.


Hugin e Munin Rústica
13 x 20 cm 248 páxinas
ISBN: 978-84-126007-4-2
15,67 €



Pavlos Nirvanas **O crime de Psychiko**

Corre a década de 1910 cando, no barrio ateniense de Psychiko, aparece o cadáver dunha muller nova con numerosas laceracións producidas por un coitelo. Malia non responder exactamente ás características do xénero policial tal e como o coñecemos na actualidade, esta obra constitúe unha hábil parodia das novelas construídas ao redor dun crime. Pavlos Nirvanas sèrvese da trama para satirizar aspectos como o exacerbado sensacionalismo da prensa, o sistema penitenciario, a desidia da policía ou a inxenuidade dunha sociedade acrítica. Publicouse en forma de folletín en 1928. Traducida do grego por Alfonso Blanco.


Hugin e Munin Rústica
13 x 20 cm 144 páxinas
ISBN: 978-84-126007-3-5
15 €



Alcifrón **Cartas**

Baixo a autoría de Alcifrón chegou ata os nosos días unha colección de textos en grego, con forma de cartas, cuxo contido está ambientado na Atenas de finais do século IV e principios do III a.n.e., segundo se deduce dalgúns datos e personaxes mencionados na obra. Praxiteles, Epicuro, Apeles ou Menandro aparecen relacionados coas heteras, e as institucións democráticas atenienses son reiteradamente presentadas como activas no contexto das cartas. Aínda que non hai referencias explícitas á data na que foron escritas, todos os indicios apuntan a que foi varios séculos despois da época que describen.

Rinoceronte Rústica
14,5 x 22 cm 146 páxinas
ISBN: 978-84-17388-98-0
15,20 €



Friedrich Glauser **Schlumpff, Erwin: Homicidio.** **O sarxento Studer**

Publicada en 1936, é a primeira das cinco novelas que protagoniza o sarxento Studer, un personaxe entrañable que detesta a burocracia e empatiza cos marxinais, e que en Suíza chegou a ser moi popular. Esta novela considérase a fundadora da tradición da novela policial en alemán. Isto explica que o premio de novela negra máis prestixioso do mundo xermanófono leve o nome de Friedrich Glauser. En 2021, o xurado do XIX Premio Plácido Castro resolveu galardoar este libro pola calidade da tradución do alemán ao galego e tamén. Tradución, notas e posfacio de Laureano J. Araujo Cardalda.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 216 páxinas
ISBN: 978-84-8487-619-9
14,95 €



José de Cora **El pronunciado escote de Mondoñedo**

O xornalista Álvaro Cunqueiro sufriu un encontro coa autoridade política do réxime, polo que decide retirarse a Mondoñedo. Con todo, a súa chegada vai coincidir coa misteriosa morte dunha funcionaria destinada ali, e cunha polémica sobre os espídeos das pinturas da catedral, que parecen relacionados co homicidio, ata motivar a intervención de Carmen Polo de Franco.


Hércules Rústica
16,5 x 24 cm 200 páxinas
ISBN: 978-84-19754-08-0
18,52 €



Annie Ernaux **O acontecemento**

"Que a forma na que eu vivín esta experiencia do aborto—a clandestinidade— sexa cousa do pasado non me parece un motivo válido para que se siga ocultando. Precisamente porque xa non pesa ningunha prohibición sobre o aborto podo afrontar, deixando de lado o sentido colectivo e as fórmulas necesariamente simplificadas, impostas pola loita dos anos setenta—"violencia exercida contra as mulleres", etc.— en toda a súa realidade este acontecemento inesquecible" Tradución do francés de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 x 21,5 cm 104 páxinas
ISBN: 978-84-17388-91-1
16,15 €



Robert D'Orbigny **Floris e Brancaflor**

O conto de *Floris e Brancaflor* traza un universo diferente ao das cancións de xesta ou do amor artúrico e cabaleiresco, precedendo a novela bizantina e —de lonxe— o amor romántico e inocente. A historia comeza nunha Galiza asolada por unha razzia musulmá, mais non será o único velleco co noso país que suxire o relato. O editor Jean-Luc Leclanche estableceu en 2003 o texto comunmente aceptado hoxe, que é o que segue a editora para a tradución ao galego de Henrique Harguindey Banet.


Rinoceronte Rústica
14,5 x 22 cm 96 páxinas
ISBN: 978-84-17388-92-8
16,15 €



Prosper-Henri Devos **Cartas de Galiza**

Esta nova edición e tradución de María Obdulia Luís Gamallo actualiza e anota as oito crónicas que o autor publicou no xornal *L'Etoile Belge* en 1912. Case perdidas para o lector e investigadores galegos e portugueses, hoxe é preciso recuperalas como memoria individual dun escritor novo, ávido de novas experiencias, que simpatizou coas xentes máis humildes, e como memoria colectiva da Galiza.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 100 páxinas
ISBN: 978-84-8487-615-1
12,95 €



Anita Brookner **Os tardeiros**

Considerada a mellor do autor, a obra faínos partícipes de máis de medio século de amizade entre Hartmann e Fibich, dous seres con vidas paralelas pero con formas ben diferentes de xestionar o seu duro pasado. Orfós tras a desaparición das súas familias polo cataclismo da Segunda Guerra Mundial, foxen da Alemaña nazi cando nenos para se instalaren en Inglaterra, onde emprenden un camiño compartido. Tradución de Alejandro Tobar.

Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 320 páxinas
ISBN: 978-84-126007-2-8
15 €

Medra a colección Crías de animais de Kalandraka

A serie "Quen son? Crías de animais" presenta varias especies de mamíferos e de aves agrupadas por continentes para inspirar a curiosidade pola fauna e polo coidado da natureza dende as primeiras idades. Cada título inclúe sete crías: con textos sinxelos e descritivos, acompañados dunha suxestiva ilustración, cada unha preséntase cunha adiviña e establece un diálogo coas lectoras e cos lectores; o enigma resólvese ao pasar a páxina, onde aparece coa súa familia no seu hábitat natural, ampliando a información sobre a contorna, os costumes e as características físicas dos adultos. As ilustracións realistas de Ester García están realizadas con grafito e suavemente coloreadas.

Faktoria K
22 x 22 cm
14 €

Cartonado
40 páxinas



Tándem Seceda e Ester García

Crías de animais

Quen son? Terras polares

ISBN: 978-84-19213-30-3

En castelán:

¿Quién soy? Crías de animales
Tierras Polares

ISBN: 978-84-19213-31-0

Tándem Seceda e Ester García

Crías de animais



Quen son? Asia

ISBN: 978-84-19213-28-0

En castelán:

¿Quién soy? Crías de animales
Asia

ISBN: 978-84-19213-29-7




Elena Andrés
Vou!

Xan e os seus amigos quedan todas as tardes no parque. Van xogar aos agochos e tócalle a el poñerse a buscar. Logo de queixarse unha miga e dicir que sempre lle toca contar vai dar unha volta satisfeito porque sabe como ten que facer para que eles estean contentos. Ilustra a propia autora.

Galaxia Rústica 24 x 21 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-1176-010-2

15,90 €



Marja Baseler e Annemarie van den Brink

Parque de atraccións A fábrica da caca

Catia e Caio convierten a Fábrica para a Investigación da Caca e os Intestinos nun parque de atraccións, para que poida permanecer aberto. Un libro para descubrir información sobre alimentación saudable e todo o relacionado co estómago, os intestinos e a caca. Con abundantes tarefas e cuestionarios. As ilustracións son de Tjarko van der Pol. En tradución de María Alonso Seisdedos e Antón Vialle.

Hércules Cartonado 25 x 32 cm 48 páxinas


ISBN: 978-84-19754-05-9

16,15 €

En castelán:

Parque de atracciones. La fábrica de la caca,

ISBN: 978-84-19754-04-2



Amanda Gorman

A canción do cambio

Unha nena ento a unha canción de esperanza, solidariedade e coraxe e o ritmo arrastra a súa veciñanza polas estradas da cidade nunha marea musical que roxe, medra e escorrenta os medos. No camiño as persoas aprenden que teñen o poder de transformar a propia contorna e que o cambio comeza por cada quen. Un poderoso himno ilustrado que a poeta e activista Amanda Gorman dedica ás nenas e nenos que desexan erguer a súa voz para conseguir un mundo mellor. A tradución é de Fe González Fernández e Ivonete Da Silva Isidoro. Con ilustracións de Loren Long.

Hércules Cartonado 25 x 28 cm 44 páxinas

ISBN: 978-84-18966-60-6

16,15 €

Pakolas

Magín Blanco



5↑



5↑

A Ramona pequena vai á Lúa


Dez temas con música e letra de Pakolas (Paco Cerdeira) e un conto que narra a viaxe de Ramona dende os seus pensamentos ata a Lúa, onde tivo a oportunidade de descubrir que alí non se dan as patacas. Unha nova aventura rockeira con moitas voces infantís. As ilustracións son de Laura Romero. Con código QR para escoitar as cancións.

Galaxia Rústica
24 x 21 cm 28 páxinas
ISBN: 978-84-1176-008-9
19 €


Caderno de cores e cancións

Os meses do ano, os instrumentos, as cores e os sentimentos danse cita nas cancións de Magín Blanco. Con códigos QR para escanear. Ilustracións de Sonia García.

Galaxia Rústica
24 x 21 cm 36 páxinas
ISBN: 978-84-1176-009-6
19 €



5↑



6↑



6↑

Alba De Evan e Javier Domínguez

Naturizo Unhas pegadas misteriosas

Naturizo e Amelia pasean pola serra cando atopan unhas pegadas misteriosas. Comezaran deseguido unha pescuda sen descanso para atopar a súa orixe. Serán quen de resolver o misterio?

Linteo Cartonado 17,5 x 24,5 cm 34 páxinas
ISBN: 978-84-123801-7-0
11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Astrid Lindgren
Lotta

Lotta vive coa súa familia nunha casa amarela na rúa dos Oleiros. Ten algo máis de catro anos e moitas ideas tolas; é rachada, valente, teimuda e segura de si mesma. Pero tamén é unha nena feliz que axuda a resolver os problemas da súa familia. Un clásico de Astrid Lindgren, un divertido libro de aventuras, un canto á liberdade da infancia ilustrado por Beatrice Alemagna. En tradución de David Álvarez.


Kalandraka Cartonado 16 x 23,5 cm 128 páxinas
ISBN: 978-84-1343-215-1
15 €

El Hematocrítico
Morto de fame

A irmá do conde Drácula está moi preocupada porque o seu fillo non é cruel e sanguinario: é boísimo. Drácula dílle que o mande á súa casa, que xa se encargará el de convertelo nun verdadeiro vampiro aterrador. Mentres, Draculiño vai como cada noite visitar o seu amigo Loboño, que lle garda algúns doces que prepara na súa pastelería para que o vampiro poida cear, xa que non quere nin probar o sangue. Os dous lévanse moi ben e forman unha cuadrilla de amigos xunto a outros personaxes da Fraga, como Garavanciño ou Riciños. Draculiño é moi feliz, ata que lle cae un cairo e leva un terrible desgusto. Con ilustracións de Mar Villar.

Xerais Cartonado 16 x 25 cm 72 páxinas
ISBN: 978-84-1110-330-5
12,95 €

Teatro



8↑

Ana Carreira

Nin me amoles

Lola é unha nena que sofre os abusos do seu compañeiro Mamalón, aguanta as impertinencias da súa veciña Meticon e resígnase á ausencia da súa nai, que nunca pode xogar con ela. Un día ao volver da escola da súa mochila emerxe Nin, un trasno ou trasna, segundo lle pete, a quen só Lola pode ver. Entre xogos e reviravoltas, Nin apréndelle á nena outro xeito de enfrontarse aos problemas. Ilustrado por Noemí López.

Xerais Cartonado 14,5 x 22 cm 72 páxinas

ISBN: 978-84-1110-327-5

15,50 €



8↑

Pilar Pallarés


Unha boa gaticada!

Poemas de Pilar Pallarés, ilustrados con distintas técnicas por Gaila González e Ana Pillado a través dos que fan unha chamada a saborear a vida e a gozar da compañía con outras especies. *Unha boa gaticada!* é unha obra construída para o divertimento por tres mulleres que aman a poesía, a plástica, a vida e, tamén, o mundo felino.

Baía Rústica 15 x 19 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-9995-425-7

14,50 €



9↑

Carlos Meixide

Ánxela e Spencer

Na aldea onde vive Ánxela os muíños do parque eólico deixaron de xirar coma todos os días. Uns din que houbo un accidente, outros que unha avioneta se estrelou contra eles, e outros máis que o exército anda a facer pescudas pola contorna. As preguntas aumentan cando Ánxela atopa no galiñeiro da súa casa un peluchiño adorable con aspecto de toupa. Di que se chama Spencer. Pero... Quen é? De onde vén? Unha emocionantísima viaxe repleta de humor e trepidantes aventuras que ilustrou Julia Lago.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 184 páxinas

ISBN: 978-84-1110-333-6

12,95 €

Banda deseñada



9↑

Ánxel con X

O caderno de rama

Por mor da guerra, un rapaz queda orfo. Cando é trasladado ao orfanato, descobre que as únicas pertenzas que lle quedan (un caderno e uns lapis que lle regalara súa nai) teñen poderes máxicos: todo o que debuxa vólvese realidade. Co poder da imaxinación e a axuda dos novos amigos que crea, tentará fuxir do orfanato e atravesar a cidade para volver á súa casa. Pero os temibles Homes Máscara, os soldados que están invadindo a cidade, non llo porán nada doado.

Xerais Rústica 17 x 24 cm 72 páxinas

ISBN: 978-84-1110-328-2

12,95 €



9↑

Iria Misa


Unha veciña de película

O verán preséntase longo e aburrido para os xemelgos Elsie e Simón, mais todo dá un xiro inesperado cando chega unha nova inquilina á casa do lado. Entre os obxectos do máis curioso que Alice leva ao novo fogar destaca un vello reprodutor de cine que axiña chama a atención dos irmáns. Grazas a el, e guiados pola estafalaria veciña, os rapaces vivirán aventuras só imaxinables na gran pantalla. Será unha viaxe tan sorprendente que nin tan sequera a maxia do cine poderá explicar. As ilustracións son de Laura Suárez.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-1110-329-9

12,95 €



9↑

E. B. White

A arañeira de Charlotte

Wilbur é un porquiño a quen a pequena Fern libra da morte ao pouco de nacer. Pero todo o mundo sabe o destino que lles espera aos porcos. Para evitalo e lograr que quede a vivir tranquilamente na granxa, os amigos de Wilbur preparan un plan: a araña Charlotte escribirá esas palabras na súa arañeira. Tradución do inglés de Moisés Barcia. Ilustracións en branco e negro de Garth Williams.

Sushi Rústica 14 x 21 cm 172 páxinas

ISBN: 978-84-16884-67-4

16,15 €

Á VENDA EN XUÑO

Á VENDA O 8 DE XUÑO



10↑

Christine Nöstlinger Konrad ou o neno que saíu dun bote de conserva

A señora Bartolotti ten sona de excéntrica: confecciona alfombras artesás, vai vestida e maquillada de mil cores, cítase co boticario Egon dúas veces por semana e é adicta a comprar por correo. Un día recibe por mensaxaría un enorme bote de conserva... e del sáelle un fillo repentino, Konrad, o neno de sete anos máis modélico, formalíño e ben guiado do mundo. Son o día e noite, pero Konrad e a señora Bartolotti quérense desde o principio. Por iso toman medidas extraordinarias para seguir xuntos cando uns estraños homes vestidos de celeste ameazan con separalos.

Sushi Rústica 14 x 21 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-16884-66-7

15,20 €



10↑

Paula Carballeira Daniel no peirao

Daniel é un neno que sabe mirar o mundo doutra maneira e rir, tamén para dentro. En realidade, chámase Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao, aínda que será lembrado como Castelao. Vive en Rianxo, pero vai ter que emigrar á Arxentina coa súa nai, pero antes quere debuxar todos os lugares e as persoas que coñece, para non esquecer nada. A súa amiga, Baltasara, que sabe de contos e de misterios, propónlle algo especial, que só el pode facer nas horas antes de marchar: quitarlle o feito á Dona Encantada, que se agocha na cova dos Carcamáns. Ilustrado por Eli García.

Galaxia Rústica 13 x 20 cm 126 páxinas

ISBN: 978-84-1176-003-4

11,40 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



11↑

Andrea García Martínez Animais fantásticos de aldea

O galiñeiro do señor Benito anda alborotado: as galiñas están fartas de vivir explotadas para acabar servidas no prato dos seus donos. Como vinganza, deciden falar co resto dos animais da aldea e argallar un plan terrorífico que lle porá a carne de galiña á veciñanza de Froxán. Os adultos non atopan unha explicación lóxica aos estraños sucesos que comezan a padecer, pero tres rapaces da aldea sospeitan algo e deciden embarcarse na resolución do arrepiante misterio.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-1110-332-9

12,95 €



12↑

Á VENDA O
8 DE XUÑO


Alba de Evan e Xabier Domínguez Segredos soterrados

O verán comeza prometedor no campamento que Anxela está a gozar en Muíños xunto con Sabela, Jorge e, por suposto, a gata Morriña. Mais, pronto, un misterio do pasado crúzase no camiño e dá paso a unha carreira contrareloxo por descubrir a verdade e manterse a salvo. Que relación teñen unha mina abandonada, un avión dos Aliados e unha poderosa multinacional? Unha trepidante aventura que viaxa á II Guerra Mundial e descobre a presenza nazi en Galicia, os tesouros agochados no subsolo e as tramas de corrupción que manexan o mundo. As ilustracións son de Eli García.

Xerais Rústica 13 x 20 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-1110-334-3

12,95 €

Á VENDA O
8 DE XUÑO

Héctor Pena A pioneira

De Ester din que é unha "marimacho". Tamén lle chaman "muller hombruna". E só porque lle gusta xogar ao fútbol. Talvez é moito pedir para A Coruña de hai cen anos. Loitar contra todo e contra todos para facer realidade os seus sonhos é a súa razón de ser. Pero a Guerra Civil e a represión do fascismo poden ser un muro demasiado duro que superar. Ou non. Porque a "roja acérrima" que vian as autoridades convértese nunha pioneira e un exemplo para as mulleres de alto risco. Empacadoras, atadoras, pescantinas e proletarias da industria pesqueira que se botaron ás rúas para opoñerse ao novo Réxime do 18 de xullo. Un camiño de sororidade tecido a través dunha rede de protección. E co balón na cabeza, nos pés e nas mans da gardamallas.

Xerais Rústica 13 x 21 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-1110-324-4

12,45 €




Jordi Sierra i Fabra Berta Mir detective O caso do asasino invisible

Dende que Berta se tivo que facer cargo da axencia de detectives de seu pai xa non é a mesma. E o último ano converteuse nunha espiral de tensións e cambios na súa vida. Agora está piques de saír o primeiro disco do seu grupo, que a enche de ilusión; pero ten que decidir se continúa a súa relación con Néstor, se segue coa axencia e resolver dous casos complicados, e todo isto co inspector Sanlehi no hospital, ferido de bala.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm

ISBN: 978-84-1176-016-4

15,29 €



Sophia Morrison Contos da Illa de Man

"Esta escolma de contos foi publicada orixinalmente en 1911 da man de Sophia Morrison quen se preocupou de recollelos antes de que desaparecesen do imaxinario popular e mentres as verbas en manx aínda os enriquecían. Tempo despois, en 2013, Bob Carswell fixo unha reedición e engadiu outros contos que non estaban na primeira versión. Ese libro, ilustrado con fermosura por Julia Ashby, é unha pequena obra de arte. Ademais, co afán de manter viva a súa cultura, inclúe a gravación de quince das historias ali escritas onde se aprecia con claridade o sabor que o inglés foi adquirindo nesa terra". Da tradutora Milagros Torrado Cespón.

Medulla Rústica 21 x 29 cm 154 páxinas

ISBN: 978-84-19438-37-9

20,80 €



Luísa Villalta

Pensar é escuro

Poesía reunida (1991-2004)

Esta obra, en edición de Armando Requeixo, recupera os catro títulos que Luísa Villalta dispuxo en vida para a súa publicación: *Música reservada* (1991), *Ruído* (1995), *Rota ao interior do olo* (1995) e *En concreto* (2004). Estes versos converteron a autora nunha das voces máis importantes da poesía galega das últimas décadas e consagrárona como unha creadora singular e inimitable. Quedan fóra deste volume os libros póstumos que non tiveron unha edición da que ela puidese responsabilizarse directamente, como é o caso de *Papagaio* (2006) e *As palabras ingravadas* (2020), máis outra produción non recolleita en libro e divulgada pola autora en publicacións periódicas e volumes colectivos.

Galaxia Rústica 16 x 22 cm 362 páxinas

ISBN: 978-84-9151-996-6

19,95 €



Rosalía de Castro


La flor, A mi madre, poesía dispersa e traducións

Despois de *Cantares gallegos* (1863), *Follas novas* (1880) e *En las orillas del Sar* (1884), este novo volume de Xerais na colección Clásicos, en edición de Anxo Angueira, recolle o resto da produción poética de Rosalía de Castro e acaba por completar un conxunto lírico extraordinario que converteu a autora nun referente contemporáneo da literatura europea. *La flor* (1857), *A mi madre* (1863) e o conxunto da súa poesía dispersa e traducións enriquecen un proxecto de sólida envergadura e acaban de perfilar con sorprendentes achegas unha figura única e irrepitible das letras galegas e españolas.

Xerais Rústica 14,5 x 22 cm 408 páxinas

ISBN: 978-84-1110-366-4

21,80 €



Helena de Carlos

Imago

Velaquí unha autora da estirpe das solitarias, con apego pola voz baixa e as paisaxes mariñas que ofrece un libro nado durante a pandemia e o confinamento. Está nel a ollada a un mundo que viviu perplexo fronte ao baleiro, mais tamén o diálogo cunha vida interior dinámica e axitada, en plena revelación dalgunhas verdades luminosas. Estes poemas parten da vivencia das dúas metamorfoses que unha muller experimenta na vida, a da puberdade e a da madurez. Baixo as néboas do pasado e ao abeiro do hoxe, a autora ofrece poemas que negocian cos mitos de sempre e acollen os desta actualidade. Ilustracións de Marisa Camino.

Faktoria K Rústica 14,5 x 21 cm 48 páxinas

ISBN: 978-84-19213-40-2

13 €



Martín Praga

A vida no chairo


Entendía José Ángel Valente a poesía como a captura de momentos de realidade con fotografías feitas de palabras. *A vida no chairo* é a compilación das olladas dun estranxeiro recollidas en innumerables paseos polas rúas dun barrio máxico e terrible no contexto dunha devastadora pandemia que tivo, como todo, un comezo e un final. "As diferentes estampas aquí recollidas –di a editora– reflicten eses ciclos do cotián, do eterno retorno do mesmo sen traxedia nin gloria".

Toxosoutos Rústica 10,5 x 16,5 cm 54 páxinas

ISBN: 978-84-127039-2-4

10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Senén Peleteiro

A teoría da pedra

"Unha Pedra, clarificada en orde e nun réxime único, compón no seu cavilar de árbores coma esqueletos desaugados unha Teoría chea de ocultación ideolóxica, de misticismo baldío, de terra de testo... Unha Teoría de experimentación depresiva na que somos nós, es ti e son eu, máis derradeiro có rexeitamento e máis vello ca deus entronizado". Texto da editora.

Toxosoutos Rústica 10,5 x 16,5 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-127039-0-0

11 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



José Estévez López

Eu son eu?

"Neste libro, creo que eu si son eu, despois de dar algunhas voltas. Nos meus descoidos e nas miñas desganas. E nas miñas derrotas. E nas pequenas cousas. E nas penas. Un eu caducifolho, sen vocación de eternidade...". Texto do autor.

Toxosoutos Rústica 10,5 x 16,5 cm 58 páxinas

ISBN: 978-84-126701-9-6

10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Conchi da Silva

Calidoscopio


Calidoscopio é o primeiro poemario en lingua galega de Conchi da Silva (Vigo, 1966), quen é coñecida en Portugal por participar en numerosos recitais e ter publicado en revistas literarias. A poesía en castelán desta autora foi traducida ao inglés, alemán e portugués. A infancia, a nai, a morte, o amor, o paso do tempo, son temas frecuentes na súa lírica. O propio quefacer poético, e máis sinaladamente a natureza, son novidades deste poemario.

Barbantesa Rústica 14 x 20,5 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-945501-6-4

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Alberto González Garcés


Alta mar, mar aberta

"O libro é, en certo modo, unha autobiografía poética na que, ao lado das idas e vindas polas que os labores e os sucesos o foron levando (ao autor), non faltan os aspectos dolorosos da existencia. E, ao lado da fiel e sentida homenaxe á súa familia, non deixa de xurdir a preocupación pola morte e o paso inexorable do tempo: os temas de hoxe e de sempre da condición humana". Extracto do prólogo de Xavier Seoane.

Medulia Rústica 14 x 21 cm 102 páxinas

ISBN: 978-84-19438-35-5

14,90 €



Lupe Gómez Salón de Té

Lupe é unha garza elegante que convida a tomar té no seu "chanoyu" poético. O ritual é inmutable, a auga quente infúndese nas follas mentres lemos cartas antigas e sentimos a levedade das montañas. Aniñan bubelas nas pastas de amendoa. Lupe le versos de "Salón de Té" e as paisaxes latexan nas cuncas de delicada porcelana. Nesta cerimonia, a beberaxe deliciosa é unha senda líquida que une tanto como os terremotos profundos. En cada grollo flúen o asombro e a calma, no máis ínfimo agroma a inmensidade.

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 136 páxinas
ISBN: 978-84-1110-365-7
12,95 €




Javier Rodríguez González Xeración. Breve tratado de males inespecíficos

Desencantada crónica dos anos de xuventude e retrato mordaz das doenzas da realidade social e cultural deste tempo, *Xeración* (breve tratado de males inespecíficos) é un repertorio de desafeccións, de relatos necesarios, de paixóns e militancias fenecidas. Unha proposta inconformista, alicerzada na liberdade creadora, que conxuga as imaxes irracionais e o ton elexiaco coa incesante presenza da ironía e do apuntamento satírico. Evocación da mocidade extraviada, mais tamén discurso poético que expresa inquietanza ante outras cuestións emerxentes, como o ensimesmamento tecnolóxico, a tentación narcisista e o adanismo revolucionario.

Galaxia Rústica
12,5 x 22 cm 54 páxinas
ISBN: 978-84-1176-002-7
9,95 €

Á venda só en pedido conxuntos por importe superior a 12 €




Xosé Antonio Neira Cruz Caderno de camiño

Con esta obra o poeta, xornalista e escritor afincado en Compostela vén de recibir un dos premios que se consolida no panorama literario. Trátase dun libro sen estridencias, formalmente moi coidado e con peso desde un punto de vista filosófico.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 60 páxinas
ISBN: 978-84-19438-31-7
11,90 €

Á venda só en pedido conxuntos por importe superior a 12 €


Teatro



Fernando Castro Paredes O traxe

Un home sae do hospital despois de varias operacións e padecementos. Está moi enfermo. Regresa á súa casa para pasar o tempo que lle queda entre os seus. Á súa familia quere mantelo encamado e baixo control, pero el escapa. Ten un proxecto que non se pode adiar: mercar un traxe novo. "O traxe", a peza gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais 2022, é un monólogo dramático que, facendo uso do humor negro, nos presenta un personaxe inquietante e complexo que, levado ao límite polas circunstancias, decide mostrarse ao mundo tal como é, pois xa nada ten que perder. Unha comedia cruel sobre a intolerancia, a violencia reprimida, a incomunicación e a morte.

Xerais Rústica
13 x 21 cm 48 páxinas
ISBN: 978-84-1110-305-3
15,67 €



Xoán Abeleira Álvarez La poesía es un misterio clandestino

Antología poética

Escolma da obra poética de Xoán Abeleira (Maracay, Venezuela, 1963). Algúns dos poemas antologados foron modificados expresamente para este volume, de modo que a súa orixinalidade reside en que reúne, ata o momento, a visión poética actual de Xoán Abeleira. En castelán.


Medulia Rústica
15 x 23 cm 446 páxinas
ISBN: 978-84-19438-38-6
20,80 €



Andreia Costas Otero Magnolia punk e outras arritmias

Poemario inconformista dividido en dúas partes: latexo bradiaritmico, vagaroso, reflexivo e o latexo taquiarritmico, de aceleradas estrofas e metáforas visuais. O nexos destes poemas son historias de emocións marcadas por diferentes culturas en fricción social permanente contra as forzas e convencionalismos.

Medulia Rústica
20 x 20 cm 92 páxinas
ISBN: 978-84-19438-30-0
14,90 €



Rainer Maria Rilke A balada de amor e morte do alférez Christoph Rilke

Rilke relata os últimos días da vida do seu antepasado Christoph Rilke de Langenau: a angustia da guerra, a nostalgia da familia, un efémero encontro amoroso na véspera da batalla e a morte heroica no medio do inimigo. En tradución de Ricardo Moreno Castillo.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 68 páxinas
ISBN: 978-84-19438-32-4
11,90 €

Á venda só en pedido conxuntos por importe superior a 12 €



Manuel Blanco López Versos do té

Libro que dende a cuberta, coa ilustración orixinal de Nair Fuentes, dá conta da inspiración oriental da proposta. Poemas curtos de gran sensorialidade onde o amor, o paso do tempo e unha certa resignación ante o devalar da vida, son os puntos cardinais desde un punto de vista temático.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 84 páxinas
ISBN: 978-84-19438-34-8
11,90 €

Á venda só en pedido conxuntos por importe superior a 12 €



Cruz Martínez Vilas Chat

"CHAT e INTER[NÓS] dois poemarios fusionados num todo para perder-se na paixón duma lectura erótica e insuperável. As verbas libram-se num mantra até engolir-se na antropofagia. Prepare-se. Entra em território incendiário!". Extracto do prólogo de Rosa Martínez Vilas (Rosaneira).

Medulia Rústica
14 x 21 cm 74 páxinas
ISBN: 978-84-19438-40-9
14,90 €



Jorge Lamas

Da calzada ao casco vello de Vigo

Dende onde se ergueron as antigas murallas do século XVII e cara ao leste, onde se xuntaron as parroquias históricas de Santiago de Vigo e Santa María de Vigo, houbo moita actividade humana dende hai máis de dous mil anos. Para coñecer ese pasado e as súas pegadas no presente, este libro ofrece tres rutas históricas e arquitectónicas que van dende A Calzada, nos límites con Teis, ata a Porta do Sol e a rúa Carral. O lector-paseante poderá percorrer os eixos de García Barbón-Policarpo Sanz e Rosalía de Castro-Marqués de Valladares, así como a antiga beiramar que marca o Areal e os primeiros recheos.

Xerais Rústica 16 x 21 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1110-323-7

20,42 €



Bell Hooks

A vontade de cambiar: homes, masculinidade e amor

Bell Hooks-Gloria Jean Watkins convoca os homes para o cambio e chama as mulleres a axudar nesa transformación. Presenta unha nova masculinidade: unha masculinidade feminista. Observando as razóns nas que o patriarcado sustentou o seu poder sobre os homes, a autora reclama para estes o feminismo, amosando por que o pensamento e a práctica feministas son o único xeito de resolver a crise da masculinidade. En tradución do inglés de Paulo Rendo. Limiar de Xosé Cabido Pérez.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 182 páxinas

ISBN: 978-84-8487-621-2

17,05 €



Iria Pedreira Sanjurjo

Melpómene entre nós.


A reelaboración dos clásicos grecolatinos na dramaturxia galega contemporánea

Ensaio que afonda nas polimorfos reinterpretacións da tradición clásica de dramaturgos contemporáneos (Manuel Lourenzo, Isaac Díaz Pardo, Millán Picouto, María Xosé Queizán, Xosé Manuel Rodríguez Pampín ou Luz Pozo Garza, entre outras moitas figuras). Unha obra que se constrúe sobre a análise e o comentario dunha ampla selección de textos teatrais dende unha perspectiva filolóxica e que busca reivindicar a literatura dramática inspirada nos modelos clásicos para o canon das letras galegas.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 458 páxinas

ISBN: 978-84-8487-625-0

28,45 €



Victoriano Nodar Fernández


El bestiario de la catedral de Santiago de Compostela

Entre as moitas sorpresas que agocha a catedral de Santiago está a moi numerosa serie de capiteis con temas animalísticos que decoran o seu interior. Suman case sesenta exemplos que se reparten en todos os espazos do edificio: na cabeceira, os brazos do cruceiro, as naves, os pórticos interiores, as galerías e a cripta. Estas representacións teriomórficas tenden a concentrarse en lugares normalmente relacionados coa topografía sagrada do edificio, o uso litúrxico ou simplemente en importantes lugares de paso. En castelán.

Andavira Rústica 23 x 30 cm 360 páxinas

ISBN: 978-84-124650-4-4

25,65 €



Diego Play Augusto y Juan L. Naveiro López.

La huella romana en Catoira

De la Arqueología a la Historia

Antes de que se construíse unha fortaleza para defender Santiago das razas viquingas, existía en Catoira un asentamento da idade de ferro que sobreviviu despois da conquista romana. As fontes escritas gardan silencio sobre a súa natureza, así a arqueoloxía é a única disciplina que pode dar algo de luz sobre os restos agochados baixo a fortificación medieval. Neste libro analízanse as exploracións arqueolóxicas co fin de reconstruír as fases máis antigas do xacemento. En castelán.

Andavira Rústica 21 x 17 cm 162 páxinas

ISBN: 978-84-126450-4-0

17,10 €



Fernando Alonso Romero


La serpiente mítica

Subtitulado "Análisis etnoastronómico de una creencia prehistórica", este volume ofrece unha nova interpretación arredor das lendas e crenzas tradicionais sobre a serpe. En castelán.

Andavira Rústica 15,5 x 23,5 cm 252 páxinas

ISBN: 978-84-1260-584-6

15,77 €



Lino J. Pazos

Corsarios: de Galicia al País Vasco

Cronología de una guerra con Inglaterra (1739-1748)

Percorrido ás campañas para apresiar buques nas costas cantábricas e do noroeste peninsular a partir de 1739, ano no que España volve enfrontarse a Gran Bretaña e comeza unha etapa na que os corsarios non darán tregua aos mercantes deste pavillón. En castelán.

Andavira Rústica 15,5 x 23,5 cm 366 páxinas

ISBN: 978-84-126058-5-3

16,15 €


David Braña e Pablo Prado

A batalla de Rande

En 1702, durante a guerra de Sucesión española, aconteceu un dos grandes feitos da historia naval. Galeóns españois, acompañados por forzas aliadas francesas, arribaron á ría de Vigo co maior tesouro que xamais cruzara o Atlántico. Ata alí os seguiu a escuadra da coalición anglo-neerlandesa, coa idea de apoderarse do botín. A batalla foi encarnizada, as augas da ría parecían arder e, aínda hoxe, segue a ser motivo de especulacións e investigacións.

Galaxia Cartonado
20 x 27 cm 68 páxinas

ISBN: 978-84-1176-000-3
16,15 €



Á VENDA O
8 DE XUÑO


René Goscinny e Albert Uderzo

Astérix o galo

O primeiro álbum da serie de cómics máis popular do mundo. Con este título naceu Astérix, o mítico heroe galo creado polos famosos Goscinny e Uderzo. Para descubrir o segredo da poción mágica que dá aos habitantes da irreductible aldea unha forza sobrehumana, os romanos secuestran a Panorámix, o druida. Astérix, acompañado polo seu fiel amigo Obélix, terá que rescatalo. En tradución ao galego de Xavier Senín, María Isabel Soto e Alejandro Tobar.

Xerais Cartonado
22 x 28 cm 48 páxinas

ISBN: 978-84-1110-354-1
12,45 €



Pablo García Martínez

Alguén virá...

Romanticismo, memoria e revolución na literatura de Luís Seoane

O marco temporal para estas cavilacións son os frenéticos anos cincuenta: o período de maior produción literaria de Seoane. *Alguén virá...* parte do poemario *As cicatrices* (1959) e, sobre todo, da obra de teatro *A soldadeira* (1957) para establecer un diálogo entre a filosofía da historia coa que o romántico Seoane se defende do momento de perigo que foron para el os anos cincuenta e os textos de Walter Benjamin.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 124 páxinas

ISBN: 978-84-8487-623-6
14,95 €




M. Xosé Fernández Cerviño, Xerardo Estévez e Adrián Martín (Coord.)

La Catedral de la Arquitectura

Obra en dous volumes na que se analiza a restauración da Catedral de Santiago levada a cabo entre 2010 e 2021. Acompaña a edición unha copia do exhaustivo plano da catedral elaborado por Kenneth John Conant en 1924. En castelán.

Andavira Rústica
Estoxo de 29,7 x 21 cm con 2 volumes e mais planos (396 + 392 páxinas)

ISBN: 978-84-1252-277-8
41,80 €



Emilio Araújo


Un resplandor de lúa

A ola

Algunhas páxinas de barro para revistar o universo da olaría. As sombras do sentimento da forma indigestada das olas aínda non cumio dos tellados. Nos encontros, nas despedidas, olas aínda hoxe cando se erguen os brazos. Para Emilio Araújo non morreu aínda a noite da ola no silencio das coziñas.

Toxosoutos Rústica
15 x 21 cm 434 páxinas

ISBN: 978-84-126701-8-9
19 €



Ángel Arcay Barral
Mulleres espontaneadas
Fraxilidade humana e cópula carnal nas comarcas do Eume e Ferrol (XVIII-XIX)

Estudo no que se recuperan 555 expedientes do Arquivo Notarial da Coruña sobre aquelas mulleres—na súa maioría viúvas ou solteiras—que se presentaban para autoinculparse polo feito de teren quedado embarazadas e lograr un salvoconduto para non seren molestadas por tal feito.

Baía Rústica
15 x 22 cm 68 páxinas

ISBN: 978-84-9995-384-7
12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Carlos L. Bernárdez
Unha historia da arte galega

Dende as mámoas e os petróglifos ata as tendencias estéticas das últimas décadas, o obxecto deste libro é realizar un achegamento á imaxe artística galega, un anaco da tradición cultural europea producida nun país que posúe unha singularidade histórica marcada, dentro da que se proxectarán as grandes correntes artísticas da Europa Occidental, mais tamén onde se manifestan as peculiaridades e as diferenzas locais. Edición con abundantes imaxes.

Laiovento Rústica
17 x 24 cm 182 páxinas

ISBN: 978-84-8487-617-5
42,70 €

Día das Letras Galegas 2023



O Día das Letras Galegas deste 2023 homenaxe a Francisco Fernández del Riego, don Paco (Vilanova de Lourenzá, 1913-Vigo, 2010). Dende os anos 30 do século pasado a súa presenza é constante, tanto no eido político como no literario e cultural ata converterse nunha das personalidades máis destacadas de Galicia. Foi un dos principais artífices da editorial Galaxia e director xunto a Ramón Piñeiro da revista Grial nos seus primeiros cen números. Ensaísta e narrador, é autor dunha extensa obra centrada sobre todo na cultura e na literatura galega.



Antón Mascato

De Compostela ao exilio exterior

Francisco Fernández del Riego

Obra que percorre, dun xeito divulgativo e áxil, os fitos biográficos do autor homenaxeado este ano no Día das Letras, co apoio dunha ampla fotobiografía do protagonista, que inclúe máis de 200 imaxes e ilustracións. A obra detense especialmente na década dos anos 30, cando Fernández del Riego residía en Compostela. Antón Mascato publicou no ano 2000 a primeira biografía sobre Fernández del Riego.

Alvarellos Rústica
20 x 19 cm 164 páxinas
ISBN: 978-84-18567-41-4
21,85 €



Henrique Monteagudo (Coord.)

Sementar os ares novos

Homenaxe da Universidade de Santiago de Compostela a Francisco Fernández del Riego

En 2013 cumpriuse o centenario do nacemento de Fernández del Riego e o octoxésimo aniversario do discurso "La Universidad Gallega ante el momento actual", que pronunciou como representante do estudiantado na inauguración do curso 1933-1934. Para homenaxear o seu antigo alumno e profesor, a Universidade de Santiago promove a publicación desta obra que incorpora a reprodución facsímil do devandito discurso.

USC Rústica
17 x 24 cm 60 páxinas
ISBN: 978-84-15876-65-6
10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Henrique Monteagudo e Xosé M. Salgado (Coords.)

Francisco Fernández del Riego

Ao meu xeito rebelde
Día das Letras Galegas 2023

"Ao seu xeito rebelde" –como el mesmo consideraba a súa actitude vital–, Francisco Fernández del Riego proxecta unha luz inmensa sobre a cultura galega contemporánea. Este libro, con moi interesantes achegas de Camiño Noia, Alonso Montero, Freixanes, Ramón Nicolás, Xosé M. Salgado e Henrique Monteagudo, focaliza dun xeito especial os anos universitarios dun mozo activista a prol da galeguización da Universidade durante a II República.

USC Rústica
17 x 24 cm 244 páxinas
ISBN: 978-84-19679-32-1
19 €




Beatriz Liz de Cea

Don Paco

Letras para a arte galega

Volume que aborda a descoñecida faceta de Francisco Fernández del Riego en relación á arte galega. Un percorrido polas experiencias que tivo coa plástica e cos artistas e as circunstancias que as rodearon. O relato apoíase no rigor documental e pon en valor, a través dunha linguaxe sinxela, o seu importante labor en defensa da arte galega e o legado artístico material que deixou á cidade de Vigo. A autora é licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago, coa especialidade de Patrimonio Histórico-Artístico. Foi comisaria da mostra "Francisco Fernández del Riego. Nos vieiros da arte galega", inaugurada en novembro de 2021.

Galaxia Rústica
17 x 24 cm 146 páxinas
ISBN: 978-84-9151-999-7
15,50 €




Antón Mascato e Pepe Carreiro

Francisco Fernández del Riego

O home que valía por mil

Biografía gráfica que destaca os compromisos que Fernández del Riego asumiu ao longo da vida. Foi membro das Irmandades da fala, do Seminario de Estudos Galegos, da organización xuvenil Ultra, fundador do Partido Galeguista, profesor na Facultade de Dereito, colaborador de prensa, crítico de arte, fundador de Editorial Galaxia, preso político, secretario do Partido Socialista Galego, director de Artes Gráficas Galicia, editor, director da revista Grial, presidente da Real Academia Galega, director da Fundación Penzol, escritor, divulgador, coleccionista de arte... E aínda tivo tempo para gozar da vida.

Galaxia Rústica
25 x 29,5 cm 36 páxinas
ISBN: 978-84-9151-998-0
16,05 €




Blanca-Ana Roig Rechou

Paco del Riego

Un home irrepetible

Percorrido por un anaco da Historia de Galicia entre 1913 e 2010 seguindo as aventuras literarias, políticas e lúdicas de Paco del Riego. Detállanse os soños dun home íntegro que, coa formación e erudición dos grandes mestres conseguiu transmitirle confianza á mocidade que o rodeaba para levala cara ao seu obxectivo principal: defender Galicia.

Hércules Rústica
16,5 × 24 cm 88 páxinas
ISBN: 978-84-19754-02-8
14 €




Héctor Cajaraville

Francisco Fernández del Riego

O legado silandeiro

Francisco Fernández del Riego foi o principal dinamizador do galeguismo cultural tras o abrupto corte que supuxeron a Guerra Civil e a posguerra. Ademais de poñer en marcha todo tipo de proxectos encamiñados a recuperar a presenza do galego como lingua de cultura nunha sorte de "segundo Rexurdimento".

Xerais Rústica
13 × 20 cm 88 páxinas
ISBN: 978-84-1110-229-2
12,95 €



Ramón Nicolás


Francisco Fernández del Riego

Vida e obra dun obreiro do galeguismo

Biografía divulgativa sobre Francisco Fernández del Riego (1913-2010), autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2023. Un libro para entender que sucedeu no galeguismo e na cultura galega do século XX.

Xerais Rústica
13 × 20 cm 80 páxinas
ISBN: 978-84-1110-225-4
10,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Malores Villanueva Gesteira

Francisco Fernández del Riego, un loitador pola idea de Galicia

Froito de horas de conversas, Malores Villanueva achega nesta biografía a vida e a obra de Francisco Fernández del Riego. A profesora, tradutora, editora, crítica literaria e doutora en Filoloxía galega pola USC Villanueva Gesteira aborda as innumerables facetas de quen se definía como "un optimista radical".

Galaxia Rústica
13,5 × 19 cm 248 páxinas
ISBN: 978-84-9151-966-9
15 €




Francisco Fernández del Riego

Galicia

Francisco Fernández del Riego propón unha ampla e vizosa viaxe organizada en doce itinerarios ou peregrinacións co fío argumental que lle brindan uns amigos bretóns que veñen visitar o noso país e reciben a hospitalidade e a clarividencia do seu anfitrión.

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 192 páxinas
ISBN: 978-84-1110-294-0
18,52 €




Francisco Fernández del Riego

Lourenzá

Lourenzá é "unha historia rememorativa" onde o autor conta: "O que teño aprendido sobre o pasado da vila na que nacín e me criei. Vivencias dos días alí decorridos. Impresións sobre a paisaxe, o ambiente do lugar. Un algo tamén do que coñecín en localidades veciñas".

Galaxia Rústica
13 × 21 cm 118 páxinas
ISBN: 978-84-9151-965-2
16,15 €




Francisco Fernández del Riego

Con Pondal en Bergantiños

Cando en marzo de 1917 morreu Eduardo Pondal, del Riego apenas tiña catro anos. Neste libro o autor fai un percorrido pola vida e a obra "do poeta solitario que canta o mar e os piñeiros da costa brava" de Bergantiños.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 120 páxinas
ISBN: 978-84-9151-947-8
15,20 €




Francisco Fernández del Riego

A xeración Galaxia

Galaxia foi o punto de encontro entre os sobreviventes do galeguismo anterior á Guerra Civil e as novas promocións intelectuais que agromaban daquela a unha empobrecida sociedade galega. A crónica daquela singular tarefa de reconstrución, contada por un dos seus principais protagonistas.

Galaxia Rústica
14 × 21 cm 218 páxinas
ISBN: 978-84-9151-994-2
17,57 €




Francisco Fernández del Riego

Memorias do París literario

Francisco Fernández del Riego e a súa esposa, Evelina, reencóntranse en 1953 co seu amigo Manuel Colmeiro en París, e, nun calxón, quedaron estas *Memorias do París literario*, onde volve sobre unha das súas grandes paixóns. Limiar de Malores Villanueva.

Galaxia Rústica
14 × 21 cm 152 páxinas
ISBN: 978-84-9151-993-5
15,62 €




Francisco Fernández del Riego

Camiño andado

Autobiografía e crónica dun tempo que vai desde o agromar da República e o pulo do galeguismo ata o labor cultural para reconstruír na clandestinidade aquel alento esvaecido. A vida de Francisco Fernández del Riego, alimentada dunha paixón e dunha fidelidade: Galicia e a súa cultura.

Galaxia Rústica
14 × 21 cm 286 páxinas
ISBN: 978-84-9151-995-9
19,90 €



Francisco Fernández del Riego

Diario da guerra

O mecanoscrito deste diario descansaba esquecido nos arquivos da Fundación Penzol. Non é só un "diario da guerra" é a revelación da memoria dos perseguidos, dos forzados, dos que fixeron a guerra contra a súa vontade, que nin a memoria lles deixaron. Cun limiar de Lourenzo Fernández Prieto.

Galaxia Rústica
14 × 21 cm 272 páxinas
ISBN: 978-84-9151-992-8
19,71 €




Francisco Fernández del Riego

Compostela, póla florida

Selección da produción escrita de Fernández del Riego na que Compostela é a protagonista, directamente ou como marco de acción. Compostela foi para o responsable desta edición, Xesús Domínguez Dono, o lugar que configurou a súa personalidade e formación.

Galaxia Cartonado
17 × 24 cm 124 páxinas
ISBN: 978-84-9151-997-3
19,85 €



VV AA


Dicionario bilingüe esencial Galego-Castelán / Castellano-Gallego

Ferramenta útil e práctica, tanto na tarefa escolar como profesional. Contén o vocabulario necesario para expresarse en galego: léxico xeral, argot máis estendido, tecnicismos frecuentes, etcétera, actualizado coa colaboración do Grupo de Investigación en Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega (Grupo TALG) da Universidade de Vigo. Con numerosos exemplos, fraseoloxía e indicadores de contexto, concibido para resolver as dúbidas máis frecuentes á hora de falar e escribir en galego ou ao traducir dende o español. Con 39.000 entradas, 43.000 traducións e acceso *online* ao contido.

Vox Rústica 11,2 x 17,5 cm 704 páxinas

ISBN: 978-84-9974-400-1

15,15 €



Stefano Mancuso


A increíble viaxe das plantas

Se en libros anteriores Stefano Mancuso desvelaba que as plantas son sensibles, se comunican e intercambian información, dormen, teñen memoria, coidan dos fillos, toman decisións e resoven problemas, entre outras investigacións, neste libro céntrase en que as plantas móvense, viaxan a ensinar a resolver múltiples desafíos. Tradución de Moisés Barcia. Mancuso (Catanzaro, 1965) é profesor titular na Universidade de Florencia, dirixe o Laboratorio Internacional de Neurobioloxía Vexetal e é membro fundador da International Society for Plant Signaling & Behavior. Ademais de centos de artigos científicos en revistas internacionais de prestixio, ten publicados varios libros de divulgación sobre o mundo das plantas.

Rinoceronte Rústica 13,5 x 21 cm 140 páxinas

ISBN: 978-84-17388-94-2

16,15 €



Cristóbal Ramírez

O camiño inglés


Unha ruta xacobeana medieval no século XXI

Achegamento histórico, artístico e cultural ao Camiño Inglés, complementado coa descrición do itinerario a Santiago. É o primeiro libro da colección *Camiños do Mar* que edita o Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, que se irá formando con outros relativos aos Camiños de Santiago da provincia da Coruña, en edición bilingüe, realizados por acreditados especialistas.

UDC Rústica 18 x 24 cm 220 páxinas

ISBN: 978-84-9749-842-5

34,20 €



Henrique Monteagudo (Ed.)

Conjetura sobre las orcas y otros cetáceos


Carta a Francisco Xavier sobre los atunes

Edición facsimilar e transcripción de dous manuscritos inéditos de Martín Sarmiento que se conservan nos ricos fondos de arquivo da Fundación Penzol. Con textos limiares do responsable da edición, Henrique Monteagudo, e de Uxío Labarta.

Galaxia Cartonado 15,5 x 21,5 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-9151-973-7

19 €



Luis Fernández Santamarina, Manuel Piñeiro López e Marco López Grande

Rutas en bici de montaña polos arredores de Lugo


Conten 17 roteiros para todas as idades e con diferentes niveis de dificultade pola reserva da biosfera. Reedición aumentada, actualizada e revisada da publicación que se fixo en 2010. A principal novidade son os *tracks* das rutas en formato gpx. Mediante un código QR inserido na publicación, accédese aos *tracks* e a descrición das rutas.

Dep. de Lugo Rústica 10,5 x 21 cm 135 páxinas

ISBN: 978-84-8192-449-7

9 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Luís Alonso

El costo del imperio asiático


La formación colonial de las islas Filipinas bajo el dominio español (1565-1800)

Estudo das relacións que se estableceron entre a colonia e a metrópole. O autor parte do estudo da Facenda como fonte de información cuantitativa fiable e continuada. En castelán.

UDC Rústica 17 x 24 cm

ISBN: 978-84-9749-853-1

26,60 €



Mónica Martín Morales, Mª Elvira Lezcano González y Francisco Javier Novoa (Edres.)


Cuando viajar se explica con palabras

